


Unha pantalla, un atril e un micrófono. Non precisan nada máis. Coa súa voz fan o resto. Son actores sen rostro que grazas a unhas cordas vocais privilexiadas derruban as fronteiras que para moitos supón un idioma estranxeiro. Brad Pitt, Meryl Streep, Nicole Kidman, Michael Cane, o Pato Lucas... todos contan cunha voz anónima que os fai un pouco máis próximos. Dos beizos dos seus dobradores saíron frases inesquecibles do cine e da televisión. Son as súas voces sen nome, pero con historia.



Antonio Mourellos dobra a actores como Richard Gere, Michael Caine ou Jeremy Irons.



Tacho González prestoulle a súa voz a Colombo, entre outros. **M^a GONZALEZ**



Charo Pena comparte a súa voz con Meryl Streep, Susan Sarandon ou Vivien Leigh.



Beatriz García dobra, entre outras, a Nicole Kidman, Sandra Bullock e Kim Bassinger.



Monti Castiñeiras é o responsable das voces galegas de galáns como Brad Pitt, Johnny Depp, Matt Dillon ou Keanu Reeves. **XOÁN DIÉGUEZ**

A arte de poñer voz aos sonhos

Grandes nomes da dobraxe galega saen do anonimato ao que están afeitos para descubrir as claves do seu traballo. Unha profesión non exenta de maxia, pero tampouco de dificultades

[escribe **Marta Balo**]

A historia da dobraxe en Galicia é paralela á da TVG. Así, coa súa posta en marcha, en 1985, nacía tamén unha profesión inexistente ata entón na comunidade. Tras realizar un curso acelerado, os novos profesionais empezaron a realizar as primeiras dobraxes en improvisados estudos. Os comezos da maioría estiveron ligados a personaxes de debuxos animados. Despois virían unha longa lista de títulos que deixan tras de si unha chea de frases para o recordo. Frases míticas e voces míticas tralas que se esconden actores, na maior parte dos casos anónimos, que coñecen todos os segredos dunha profesión non exenta de

maxia e, nos últimos tempos, tampouco de problemas. Antonio Mourellos, Charo Pena, Monti Castiñeiras, Beatriz García, Antón Cancelas ou Tacho González son só algúns dos profesionais que, grazas á maleabilidade das súas cordas vocais, fan posible que grandes nomes do cine e a televisión nos resulten máis próximos.

Proceso | Antes de que a película ou a serie chegue aos espectadores en galego, hai todo un proceso de traballo que comeza co envío da mesma a un estudo de dobraxe. O primeiro paso é a tradución literal do guión, ao que lle segue a tarefa de adaptacións dos textos aos move-

mentos da boca, que soe acometer o director de dobraxe. Despois os actores convocados abordan a película en fragmentos duns 30 segundos chamados 'takes'. É o momento de que, de pé, diante dun atril, un micrófono e unha pantalla, presten a súa voz a un personaxe. A partir de aí é todo moi áxil: tras ver o 'take' varias veces no idioma orixinal, o actor ensaia para ver como encaixar o diálogo adaptado ao movemento da boca e, inmediatamente despois, grávase. Cada actor adoita dobrar o seu papel só. Unha convocatoria dura ata seis horas e media e poden realizarse dúas no mesmo día. Para dobrar a un protagonista precísanse, de

media, dous días completos. Pese a que, como lembra Cancelas, houbo un tempo no que Galicia puido acoller "o terceiro colectivo de dobraxe despois de Madrid e Barcelona", agora non corren bos tempos. "Levamos en crise uns nove anos", precisa Castiñeiras. "Fodido", así de concluínte é Tacho González ao describir o panorama actual. "En Galicia a dobraxe depende practicamente da TVG e se hai recortes, vese afectada. Agora hai moitas reposicións, non entran películas", explica. "Á marxe da crise, ninguén se plantexa a necesidade de ampliar ese colectivo, polo que a repetición de voces é preocupante", sinala An-

tonio Mourellos. "Por outra banda, salvo honrosas excepcións, hai tempo que a ninguén lle preocupa o traballo ben feito, a fidelidade ao orixinal", recalca. Á diminución das horas de dobraxe e á inseguridade laboral, Charo Pena engade "un reparto arbitrario do volume de traballo entre os diferentes estudos". Na necesidade da dobraxe e, sobre todo, na súa importancia no proceso de normalización lingüística tamén coinciden. Mourellos lanza unha pregunta ao aire: "Quen fixo máis polo noso idioma: os políticos, os intelectuais, os mestres ou a dobraxe ao galego de As Bolas Máxicas, A Nanny ou Shin Chan?".



Antonio Mourellos
"Richard Gere é unha auténtica tortura para un actor de dobraxe. O meu preferido é Michael Caine"

Desde actores clásicos coma Glenn Ford, Dean Martin ou Randolph Scott a máis actuais como Richard Gere, Denis Hooper, Ed Harris, Jean Reno ou Jeremy Irons. Tralas verbas galegas de todos eles agóchase Antonio Mourellos, un actor que leva 25 anos falando polos beizos de auténticos mitos do cine. Como a maioría dos actores de dobraxe galegos, os seus comezos datan de 1985, coincidindo cos inicios da TVG. "Logo de pasar por unhas probas de selección e un curso de aprendizaxe, comecei dobrando un pequeno personaxe nun capítulo de 'Dallas', nos estudos de Vídeo Galicia na Coruña. Ao pouco tempo xa me incorporei ao

colectivo de dobraxe en Compostela nuns improvisados estudos da discoteca do hotel Araguane", lembra o actor. Axiña lle chegaría a que foi a súa primeira serie, 'A muller biónica', na que tamén deu os seus primeiros pasos no mundo da dirección de dobraxe, e, non moito tempo despois, 'Simplemente María', a primeira telenovela da Galega. Entre os primeiros protagonistas que dobrou, Mourellos destaca a Michael Caine nunha película titulada 'Gambito de Dama'. Despois tivo "a sorte" de acompañar ao actor británico en máis de trinta películas. "Sen dúbida é o meu preferido. Para min é un dos me-

llores actores na historia do cine e sempre lle pido 'perdón' antes de 'roubarlle' unha parte do seu traballo", precisa. Menos agradecidos son algúns actores, na súa meirande parte norteamericanos, que "falan moi baixo e case non moven os beizos" ou os que "fan demasiados xestos ou dubidan moito". É o caso de Richard Gere, en palabras de Antonio Mourellos, "unha auténtica tortura para un actor de dobraxe". Ao longo dun cuarto de século de profesión son moitas as frases que, por un motivo ou outro, quedaron gravadas para sempre na súa memoria. "Acenda a lámpada do teito", que dicía Sean Connery en

'Marnie, a ladra' é, pola súa dificultade, unha das inesquecibles. Tampouco lle resultou doado facerlle dicir a Randolph Scott "non hai dúbida ningunha da legalidade deste documento" ou, noutra película, repetir unha chea de veces "virxe saxona". Pero, "a palabra que máis me custa dicir é desfibrilador", confesa o actor.

Comedia ou drama | Á hora de escoller entre a comedia ou o drama, Mourellos asegura sentirse "cómodo" en calquera dos dous xéneros. "O realmente importante son os diálogos. Dobrar a un bo actor, nunha boa película e con bos diálogos é un pracer e tamén unha excelente escola onde aprender", explica. "Entre rir ou chorar, non sei, supoño que nos é máis difícil chorar. Afortunadamente, os homes rara vez choran... nas películas, claro", matiza. Hai dez anos a voz e o rostro de Mourellos uníronse tanto no cine como na pequena pantalla. Películas como 'O lapis do carpinteiro' ou

'O ano da carracha' e series como 'Terra de Miranda', 'Rías Baixas' ou, na actualidade, 'Matalobos', son algunhas das producións nas que o actor lugués perdeu o anonimato ao que estaba afeito. "Desde que se me identifica con algúns dos personaxes que fago para televisión, e aínda sabendo que forma parte do meu traballo, non o levo demasiado ben. Prefiro pasar absolutamente desapercibido", sinala. Salvo por esta cuestión, "pasar de ser unha voz sen máis a ser unha voz con rostro" non lle supuxo complicacións, aínda que reconece as diferenzas. "En dobraxe intentas ser o máis fiel posible á interpretación oral doutro actor, pero dalgunha maneira o traballo xa está feito. Como actor, digamos, de pantalla, toda a responsabilidade da creación dun personaxe recae sobre ti. Pero, ollo!, son técnicas interpretativas distintas, si, pero un actor ou unha actriz de dobraxe, por enriba de todo, debe ser iso, un actor ou unha actriz, e como tal debe ser considerado".



Charo Pena
"A Deus poño por testemuña de que nunca máis volverei pasar fame!", teño unha querencia especial por esta frase"

"Accedín a esta profesión por casualidade, aló polo ano 1985, respondendo a un anuncio nun xornal. Os comezos estiveron cheos de ilusión por participar nunha actividade que aquí era nova. Ademais, este era un sentimento que dominaba a maior parte da profesión naqueles momentos, espallando entre todos un efecto de contaxio positivo", lembra Charo Pena, a voz de Vivien Leigh, Sharon Stone, Frances McDormand, Jane Fonda, Julie Andrews e, as súas preferidas, Susan Sarandon, Meryl Streep e Glenn Close, entre outras moitas. "É unha sorte moi grande, ademais dun reto profesional dos máis esti-

mulantes, poder dobrar a actrices desa categoría, aínda que todas elas merezan o noso respecto", explica a actriz. "Participar nun traballo onde aparecen interpretacións valoradas e recoñecidas pódete encher de dúbidas e de inseguridades, pero tamén che fai vivir momentos dos máis gratificantes que podes atopar como profesional. O esforzo que che esixan, aínda sendo consciente de que os resultados han ser variables, sempre paga a pena. E non as esqueces nunca", engade.

Frase mítica | Dos seus beizos saíron as verbas míticas que, cun puñado de terra na man, pronun-

ciaba Scarlett O'Hara na oscarizada 'Foise co vento': "A Deus poño por testemuña de que nunca máis volverei pasar fame...!", unha das frases que, ao longo dos seus vinte-cinco anos de profesión, lle deixaron maior pegada e pola que sente "unha querencia especial". Aínda que afirma que cada actor ten o seu propio xeito de prepararse para o traballo, destaca como unha das características fundamentais do proceso de dobraxe a súa axilidade, "o que a converte nunha actividade tecnicamente moi complexa: nun tempo moi escaso hai que examinar polo miúdo, comprender sen dúbidas, asumir como propio, e reinterpretar, sen

perder a intención da versión orixinal, o que un actor está vivindo e dicindo nun idioma alleo", explica Charo Pena. Neste senso, o xénero é un aspecto irrelevante. "A dificultade está determinada pola versión orixinal, pero é certo que o de rir hai a quen se lle fai moito máis difícil", precisa a actriz. En canto ao anonimato que caracteriza á súa profesión, non semella ser un inconveniente. "Ninguén decide dedicarse a esta profesión para ser famoso. O anonimato nunca foi nin é un problema", afirma con rotundidade. Mais é a súa unha profesión moitas veces cuestionada e sometida a debate. "Desde hai xa tempo é moi sinxelo para calquera o acceso á versión orixinal. Moitos espectadores interesados e informados fan saber o seu desacordo cando ven produtos dobrados que non cumpren as expectativas desde algún punto de vista: técnico, lingüístico, de acomodo das voces... A súa crítica pode ser moi acertada e reveladora,

e sería de parvos non tela en conta. Nada ten que ver esta actitude coa dos que por mimetismo, e case sempre sen unha reflexión ó caso, escollen como lema a descualificación", recalca a actriz. Como a meirande parte dos actores de dobraxe galegos, Charo Pena tamén traballou en castelán e, aínda que, na súa opinión, "tecnicamente é semellante", fai fincapé en que "dobrar ao galego leva consigo unha responsabilidade maior". "Mediante una actividade laboral -explica- estás actuando como ferramenta de transmisión do que deba ser lingua de calidade". Por iso, a actriz lamenta que, nun momento no que todos os que opten pola versión subtitulada poden escoller o idioma no que queren escoitar unha película, o galego non teña as mesmas oportunidades. "É imprescindible para o recoñecemento e o respecto futuro do noso idioma conseguir os dereitos dos que xa dispoñen outros. Calquera que elixa a versión en galego, debería poder acceder a ela".



Monti Castiñeiras

“Galáns como Brad Pitt, Keanu Reeves, Matt Dillon ou Johnny Depp van envellecendo comigo”

A súa voz é a de Brad Pitt, Keanu Reeves, Johnny Depp, Charlie Sheen, Robert Downey Jr. ou Matt Dillon. O que no mundo da dobraxe se denomina ‘galáns novos’. Actores da súa mesma idade que, confesa Monti Castiñeiras, “van envellecendo comigo”.

Mais antes de que as súas cordas vocais traballasen para que algúns dos rostros máis populares e fermosos de Hollywood tamén

falasen galego, aló polo ano 1985, Monti Castiñeiras, que por aquel entón daba os seus primeiros pasos no mundo do teatro, tivo que vivir os inicios dunha profesión que “non existía en Galicia”.

Despois de facer un curso do Inem chegou o seu primeiro papel, un personaxe de debuxos animados chamado Capitán Pelouro. Posteriormente, o entrañable ET ou o famoso Epi de Barrio Sésamo

sumariáanse ao seu repertorio de “personaxes raros”.

Aínda que recoñece que actores como Quentin Tarantino, ao que tamén dobra, entrañan maior dificultade pola súa “maneira atropelada” de falar, para Monti Castiñeiras “a complexidade depende máis do personaxe que do actor”. É o caso do papel de Brad Pitt na película ‘Snatch. Porcos e diamantes’. “Interpretaba a unha especie de xita-

no-americano cun acento moi raro, unha mestura entre romanés e inglés”, explica. “E hai unha peli de Brad Pitt, ‘Doce monos’, que aínda non dobrei, pero cando a vin dixer ‘mi madriña!’, porque está tateando todo o tempo”, engade.

No que respecta aos xéneros, o actor compostelán destaca a complexidade da comedia. “Hai personaxes moi histrionicos que son moi difíciles de dobrar”, sinala.

Traballo de imitación | Despois de vinte e cinco anos na profesión, Monti Castiñeiras ten claro que o seu é “un traballo de imitación, non de creación”. “Non vas mellorar a película, pero si podes estropeala”, precisa. Así mesmo, lamenta que non se recoñeza o labor dos dobra-

dores. “Paréceme xusto que nos títulos de crédito apareza o nome dos actores de dobraxe”, afirma.

Malia levar tanto tempo adicado a unha profesión que se caracteriza polo anonimato, o rostro de Monti Castiñeiras non é descoñecido, xa que ao tempo que comezaba a súa andaina na dobraxe probaba sorte tamén de cara ao público. Así, ao longo destes anos fíxoo case todo no mundo da interpretación: teatro, cine, televisión... iso si, sen deixar nunca a dobraxe. De feito, na actualidade, compaxina a gravación da serie ‘Los misterios de Laura’, para TVE, coa dobraxe da telenovela ‘Cando sexas miña’, para a TVG. Ademais, vén de rematar as películas ‘Dictado’ e ‘Onde está a felicidade?’ ■



Beatriz García

“É máis difícil dobrar a Sandra Bullock que a Nicole Kidman porque fai papeles máis complexos e fala moi rápido”

Aínda non rematara o curso de seis meses que estaba a facer e Beatriz García xa conseguira o seu primeiro papel como actriz de dobraxe na película ‘O Rei Artur e os cabaleiros da táboa redonda’. Corría o ano 1988. Co paso do tempo a súa voz acompañaría a rostros tan populares como os de Michelle Pfeiffer, Nicole Kidman, Sandra Bullock, Kim Basinger ou Julian Moore, entre outros moitos.

Tantos que a actriz non é quen de escoller. “Todos os personaxes que dobro son os meus favoritos, xa que todos achegan algo diferente”, sinala. “Por exemplo, encántame dobrar debuxos animados, experimentar con voces diferentes e xogar coa voz”, engade.

Aínda que, na súa opinión, ningún personaxe é doado de dobrar, considera que “os que falan moi á présa e xesticulan moito entrañan

máis dificultade”.

No caso de dúas das actrices que gozan de maior popularidade na actualidade, como son Sandra Bullock e Nicole Kidman, sinala á primeira como a máis difícil de dobrar. “Fai papeis máis complexos e fala moi rápido, aínda que eu síntome especialmente cómoda e encantame dobrala”, comenta.

A rapidez coa que adoitan falar os personaxes cómicos é, para Bea-

triz García, unha das razóns polas que lle resultan máis complexos cós tráxicos. “Comprenden máis dificultades técnicas á hora de dobralos porque falan moi á présa, rin, respiran no medio do discurso... Pero teñen a contrapartida de que, se quedan ben dobrados, o traballo resulta moi lucido”, explica. “Ademais, sen lugar a dúbidas, é máis difícil rir que chorar porque hai que ter un control do diafragma moi preciso e saber respirar axeitadamente”, puntualiza.

A dificultade que entraña unha dobraxe tamén depende do idioma orixinal. Así, segundo explica a actriz, “dobrar do castelán ao galego é máis difícil porque teñen vocablos moi parecidos aos nosos e hai que encaixalos moi ben na

boca para que non se noten”.

Respecto ao cuestionamento ao que moitas veces se somete a dobraxe en favor das versións subtituladas, Beatriz García aposta pola convivencia das dúas opcións. “Agora ben -matiza- penso que a TVG debía dobrar ao galego todo e logo que o espectador, na súa casa, elixa o idioma cos novos e avanzados televisores que xa existen”.

Despois de prestarlle a voz a tantas actrices de renome, Beatriz García acepta con normalidade que o anonimato sexa algo inherente á súa profesión e o feito de que o maior mérito do seu traballo sexa que non se fala del. “Pásalle o mesmo aos árbitros de competicións deportivas. Se non se fala deles, é que fixeron un bo traballo”, conclúe. ■



Antón Cancelas

“Cando lle deron o Oscar a Tommy Lee Jones por ‘El Fugitivo’ fixen unha festa como se mo deran a min”

Antón Cancelas estaba a traballar na radio cando unha compañeira lle falou dun curso de dobraxe. “Ao final, ela deixouno e eu seguí. Era o ano 1986”, conta Cancelas coa voz galega de Anthony Hopkins, Robert Duvall, Richard Harris, Arnold Schwarzenegger ou Larry Hagman, o malvado XR da serie ‘Dallas’, entre outros.

Ao igual que moitos dos seus compañeiros, os primeiros personaxes

aos que lle prestou a voz foron de debuxos animados. XR, a quen dobrou en 240 capítulos, desde o 60 ata o final da serie, foi o seu primeiro gran papel. “A mellor frase que dixeron foi ‘seica lle botaches unhas pingas de algo forte ao café, Sue Ellen’. Con esa si que houbo bastantes risas cando a fixemos. A que di todo o mundo, ‘estás bebeda, Sue Ellen?’, non sei se a dixeron ou non, eu non a lembro”, explica

Cancelas, quen, ademais da dobraxe, realiza numerosas actividades relacionadas coa locución.

Películas históricas | XR é apenas unha anécdota na longa traxectoria de Cancelas coma dobrador. Unha traxectoria que alcanza o punto álxido nos anos 90. “Na época da folga en Madrid, tiven a sorte de dobrar ao castelán películas históricas como ‘El último gran hé-

roe’ (Arnold Schwarzenegger), ‘El Fugitivo’ (Tommy Lee Jones), ‘Daniel el Travieso’ (Walter Matthau), ‘Evasión o victoria’ (Michael Caine) ou ‘En la línea de fuego’ (Clint Eastwood)”, lembra. “Cando lle deron o Oscar a Tommy Lee Jones por ‘El Fugitivo’ fixen unha festa como se mo deran a min. Estou moi contento dese traballo. É algo que queda aí”, engade.

Aínda que polas características da súa voz, a súa carreira está vencellada a “personaxes profundos, tráxicos e malos”, o que máis lle gusta é a comedia. “Pásoo pipa dobrando a Walter Matthau”, asegura. Tamén a dobraxe de ‘Os Picapedra’ lle trae bos recordos. “Foi unha época divertidísima. A mellor temporada de dobraxe da

miña vida”, lembra.

Máis alá do xénero da película, para Antón Cancelas é fundamental a profesionalidade dos seus intérpretes. “Os bos actores dóbranse mellor cós malos”, asegura. “O que se trata na dobraxe é de interpretar nun idioma accesible ao espectador o que está dicindo e facendo ese actor. O noso labor non é mellorar o traballo, senón imitalo o máis posible. Só cando o actor é malo hai que crear. Eu teño visto cousas nas que os dobradores melloraron o orixinal, aínda que non é o habitual”, precisa. Así mesmo, asegura que “a dobraxe canto máis desapercibida pase, mellor”. En canto ao anonimato, Cancelas teno claro: “Nós nos vivimos da nosa cara”. ■



Tacho González

“As dobraxes do tenente Colombo e de James Stewart quedaron moi parecidas á versión orixinal”

“Por casualidade”. Así se iniciou Tacho González no mundo da dobraxe. “Empezou a TVG, comecei a ver debuxos animados en galego, gustáronme e pensei que podería buscar por aí unha saída laboral para compaxinar cos estudos e, ao final, converteuse na miña profesión”, conta o actor vilagarciano, hoxe en día un dos rostros máis populares da Galega pola súa par-

ticipación en series tan exitosas como ‘Rías Baixas’ ou ‘Padre Casares’. “Son mundos totalmente diferentes. A dobraxe é unha parte do traballo de actor. Na ficción televisiva teño que poñer todo eu”, explica.

A realización dos chamados ‘ambientes’, “un coro de voces que non se distinguen”, en ‘Foise co vento’ foi a súa estrea na dobraxe. Xa

máis destacada foi a súa participación na telenovela ‘Simplemente María’. Despois a súa voz uniuse a rostros tan carismáticos como os de James Stewart, Ben Kingsley, John Malkovich, Kevin Cline, Robin Williams, Al Pacino, Peter Falk (Colombo), Gene Hackman, ou David Prowse (Dar Vader).

“O tenente Colombo fíxome moita ilusión porque é unha serie en-

trañable da miña mocidade. Creo que quedou moi parecido á versión orixinal e tamén á española”, comenta o actor. “Outra dobraxe que quedou bastante lograda é a de James Stewart. Parécese bastante ao orixinal. Non como esas cousas que fan agora en castelán con Al Pacino ou Robert De Niro, que é unha tristeza”, lamenta. Pola súa dificultade salienta a dobraxe de Robin Williams. “É moi difícil porque fai caricaturas de si mesmo”, sinala.

“Cando o saiba miña muller...” pronunciada coa inconfundible voz ronca de Colombo é unha das frases míticas que saíron dos seus beizos. Mais porque lle cos- tou máis de vinte intentos dicila

ben a que non pode esquecer é “su mujer y sus hijos”, da serie ‘Renegados’, protagonizada por Lorenzo Lamas.

Aínda que personaxes de debuxos animados, non menos emblemáticos son o Pato Lucas e o Oso Yogui, e cando falan en galego tamén o fan coa voz de Tacho González. “Os debuxos son máis difíciles porque son inexpresivos”, precisa.

Polo demais, rir ou chorar é, na súa opinión, “cuestión de técnica” e, malia que recoñece que para dobrar hai que imitar, defende a parte creativa da profesión. “A adaptación require tons e expresións que non son as propias e hai que buscar recursos”. ■